

CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE



MATERIA ESPECÍFICA DE
OPCIÓN PARA 2º DE
BACHARELATO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INTRODUCCIÓN

Ciencias da Terra e do Medio Ambiente é unha **materia específica de opción** de 2º de Bacharelato. Ten unha carga horaria de **3 horas/semana** e **non é avaliable en selectividade**.

A materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente ten como eixe principal o uso que facemos as persoas dos recursos que nos ofrece o noso planeta, un planeta finito que "utilizamos" como se fose ilimitado. Debe ser un instrumento para a comprensión do mundo que nos rodea e debe, tamén, promover unha reflexión crítica acerca da problemática ambiental que leve o alumnado a exercer unha cidadanía con conciencia cívica responsable, inspirada en valores, actitudes e intereses que o leven a protexer e mellorar o medio natural e, consecuentemente, participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

CONTIDOS

A materia estrutúrase nos seguintes bloques de contido:

- Bloque 1: Medio ambiente e fontes de información ambiental.

- Bloque 2: Dinámica dos sistemas fluídos.
- Bloque 3: Contaminación atmosférica.
- Bloque 4: Contaminación das augas.
- Bloque 5: A xeosfera e os riscos xeolóxicos.
- Bloque 6: Circulación da materia e enerxía na biosfera.
- Bloque 7: A xestión do planeta e desenvolvemento sustentable.

A QUEN VAI DIRIXIDA

A materia pode ser de utilidade para o alumnado interesado en cursar os seguintes graos universitarios:

- Bioloxía
- Ciencias ambientais
- Ciencias do mar
- Ciencia e tecnoloxía dos alimentos
- Enxeñaría agraria
- Enxeñaría de enerxía
- Enxeñaría de obras públicas
- Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos
- Enxeñaría forestal
- Tecnoloxía da enxeñaría civil
- Ciencias da actividade física e do deporte
- Educación infantil
- Educación primaria

- Educación social
- Xeografía e ordenación do territorio
- Logopedia

